#### Bloque 1: O sentido relixioso do ser humano.

##### Unidade didáctica 1: As grandes relixións do mundo.

1. Aprender e memorizar os principais rasgos comúns das relixións.
2. Comparar e distinguir a intervención de Deus na historia dos intentos humanos de resposta a búsqueda de sentido.

#### Bloque 2. A Revelación: Deus intervén na historia.

##### Unidade didáctica 2: A fidelidade de Deus a Alianza: O Mesías.

1. Recoñecer e valorar ás accións de Deus fiel o longo da historia.
2. Comparar e apreciar a novidade entre o Mesías sufrinte e o Mesías político.

#### Bloque 3: Xesucristo, cumprimento da historia da salvación.

##### Unidade didáctica 3: Xesús crea unha comunidade de discípulos.

1. Descubrir a iniciativa de Cristo para formar unha comunidade que orixina a Igrexa.
2. Coñecer a invitación de Cristo a colaborar na súa misión.

#### Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: A Igrexa.

##### Unidade didáctica 4: Cristo, ilumina a vida persoal e social.

1. Descubrir que Cristo xenera unha forma nova de usar a razón e a liberdade, e de expresar a afectividade da persoa.
2. Distinguir que a autoridade está o servicio da verdade.



3. Relacionar a misión do cristiano coa construción do mundo.

10.- Metodoloxía de avaliación: procedementos e instrumentos. Criterios de cualificación e promoción dos alumnos/as.

Do mesmo xeito que o apartado anterior, publicitarase no tablón de anuncios, habilitado para tal cousa, a metodoloxía da avaliación, os seus procedementos e instrumentos, e os criterios de cualificación da aprendizaxe dos alumnos/as.

10.1.- Ensinanza presencial.

A avaliación forma parte do proceso de aprendizaxe dos alumnos e contribúe a súa millora. Debe ser continua e personalizada, abarcar a totalidade do proceso educativo. Non é unha mera cualificación, e moito máis amplo. Ten que ser integradora de tódalas capacidades, formativa en canto elemento corrector das dificultades e contextualizada na realidade propia do alumno e do centro.

A avaliación terá en conta unha serie de variables: o alumno, o seu fogar e familia, a realidade social a comunidade a que pertence, a situación escolar e a ensinanza, o profesor e a súa metodoloxía. Sí, tamén unha autoavaliación.

A avaliación terá tres tempos específicos: unha avaliación inicial (onde se parte, tanto do nivel de cada alumno como do grupo), unha avaliación continua (o proceso de aprendizaxe e a súa evolución) e unha avaliación final (sumativa de tódolos aspectos a evaluar en función dos obxetivos e as variables a ter en conta). Avaliaranse os contidos, aprendizaxes e competencias que adquiriu o alumno en orde a súa consecución dos obxetivos marcados (de curso, ciclo ou etapa), tendo sempre presente que a avaliación final da E.S.O. e Bacherelato, é en función da adquisición dunhas determinadas competencias e obxetivos-.

10.1.1.- A avaliación inicial.

Durante a primeira quincena de outubro, procederase a observación dos coñecementos previos e as capacidades e habilidades, tanto do grupo como de cada alumno. Realizarase en base a un cuestionario, a observación e diálogo cos alumnos, o traballo dun texto ou lectura, para ver a súa comprensión e redacción, e a fluidez na lectura e na expresión oral.

O cuestionario proposto para os rapaces procedentes de primaria ou procedentes doutros centros, rapaces que en principio non coñezo:

1. Di o nome das cinco grandes relixións da actualidade no mundo.
2. Pon una característica da vida de Xesús de Nazaret que máis che chamou a atención.
3. Un compañeiro achégase a ti con un papel que pon: Mt, 1, 1-5. Que é?, explicalle o significado e busca o texto.
4. Escribe os sete sacramentos. De eles os que ti coñezas por que asistiches na igrexa a algún. Que signo sacramental ou ceremonial coñeces deles, e para que son.
5. Escribe os dez mandamentos, explicaos. E o mandamento de Cristo?

Como resultado desta avaliación, se é necesario procederase a unha adaptación o nivel da aula,

para partir da realidade e construír sobre ela. Do mesmo xeito, se fose preciso realizárase o apoio ou adaptación de forma individual, se houberse algún alumno/a que o precisase. Neste caso con seguimento e tipo de traballo, dende o seu nivel, pero integrado na clase, todo en colaboración co Departamento de Orientación. De tódolos xeitos, a concreción das medidas están por determinar, fruto dunha avaliación inicial, e explicitáranse no libro do departamento.

#### 10.1.2.- Procedementos de avaliación.

- 1.- Realización das prácticas propostas.
- 2.- Interés por investigar e recopilar información.
- 3.- Interés por obter resultados orixinais e coherentes.
- 4.- Correcta utilización do vocabulario.
- 5- Participación nos debates.
- 6.- Presentación dos traballos.

#### 10.1.3.- Instrumentos de avaliación: libreta e fichas de traballo.

Obten, selecciona e orde a información.  
Memoriza comprensivamente.  
Razoa e argumenta.  
Exprésase oralmente con propiedade.  
Exprésase por escrito con propiedade.  
Realiza os traballos con claridade.  
Revisa e rectifica as tarefas.

A avaliación da materia, nos distintos cursos, non precisa a realización dun exame, basta a recopilación e valoración do traballo feito o longo do curso; sen embargo, pode ser solicitado polo alumnado. O exame, si é a pauta avaliadora na avaliación final, si así é requerido polo alumno.

#### 10.1.4.- Criterios de cualificación.

- Fichas de traballo de cada unidade didáctica (exames-controis do coñecemento e comprensión dos contidos). Inclúese a elaboración de mapas bíblicos ou históricos e a realización de traballos de textos (resumes, esquematizacións ou comentarios), e traballos de investigación.

**PRIMEIRA AVALIACIÓN:** Fichas de traballo son o 100% da nota.

**SEGUNDA AVALIACIÓN:** Fichas de traballo son o 100% da nota.

**TERCEIRA AVALIACIÓN:** Fichas de traballo son o 100% da nota.

O alumnado que suspenda calquera das avaliacións parciais terá traballo de recuperación desa

avaliación. No caso da recuperación terceira avaliación, ou calquera das outras se non se recuperaron no seu momento, será antes de finaliza-lo curso, no mes de xuño. Deste xeito, a avaliación do terceiro trimestre farase a principio de xuño, do 5 ó 9 de xuño.

O alumnado que tivese a materia aprobada, nese tempo terá traballo de contidos transversais, misioneiros ou valores, sobre os contidos de ese curso; podendo mellorar nota co traballo-resume de cada contido misioneiro ou de valores.

A nota que se obterá na Avaliación Final, coincidente en sesión avaliadora coa terceira avaliación, será a media das tres avaliacións parciais.

## 10.2.- Ensinanza non presencial. Aula Virtual.

A ensinanza non presencial realizarase por medio da Aula Virtual do Centro. Nesta Aula, de forma on line, impartiranse os mesmos contidos e avaliarase cos mesmos aprendizaxes e teranse en conta os mesmos criterios de avaliación que na forma de ensinanza presencial. Máis, tamén terase en conta a súa singularidade, sobor de todo na metodoloxía de cualificación.

### 10.2.1.- A avaliación inicial.

Durante a primeira quincena de outubro, procederase a observación dos coñecementos previos e as capacidades e habilidades, tanto do grupo como de cada alumno. Realizarase en base a un cuestionario e o traballo dun texto, para ver a súa comprensión e redacción, e a fluidez na expresión escrita.

O cuestionario proposto para os rapaces procedentes de primaria ou procedentes doutros centros, rapaces que en principio non coñezo:

6. Di o nome das cinco grandes relixións da actualidade no mundo.
7. Pon una característica da vida de Xesús de Nazaret que máis che chamou a atención.
8. Un compañeiro achégase a ti con un papel que pon: Mt, 1, 1-5. Que é?, explicalle o significado e busca o texto.
9. Escribe os sete sacramentos. De eles os que ti coñezas por que asistiches na igrexa a algún. Que signo sacramental ou ceremonial coñeces deles, e para que son.
10. Escribe os dez mandamentos, explicaos. E o mandamento de Cristo?

Como resultado desta avaliación, se é necesario procederase a unha adaptación o nivel da aula, para partir da realidade e construír sobre ela. Do mesmo xeito, se fose preciso realizarase o apoio ou adaptación de forma individual, se houberse algún alumno/a que o precisase. Neste caso con seguimento e tipo de traballo, dende o seu nivel, pero integrado na aula, todo en colaboración co Departamento de Orientación. De tódolos xeitos, a concreción das medidas están por determinar, fruto dunha avaliación inicial, e explicitaranse no libro do departamento.

### 10.2.2.- Procedementos de avaliación.

1.- Realización das prácticas propostas.

- 2.- Interés por investigar e recopilar información.
- 3.- Interés por obter resultados orixinais e coherentes.
- 4.- Correcta utilización do vocabulario.
- 5.- Presentación dos traballos.

### 10.2.3.- Instrumentos de avaliación: tarefas de traballo na Aula Virtual.

Obten, selecciona e ordea a información.  
Memoriza comprensivamente.  
Razona e argumenta.  
Exprésase oralmente con propiedade.  
Exprésase por escrito con propiedade.  
Realiza os traballos con claridade.  
Revisa e rectifica as tarefas.

A avaliación da materia, nos distintos cursos, non precisa a realización dun exame, basta a recopilación e valoración do traballo feito o longo do curso, e recollido nas diferentes “tarefas de traballo” ; sen embargo, pode ser solicitado polo alumnado.

### 10.2.4.- Criterios de cualificación. Aula Virtual.

- Tarefas de traballo de cada unidade didáctica (exames-controis do coñecemento e comprensión dos contidos). Inclúese a realización de traballos de textos (resumes ou comentarios), e traballos de investigación.

**PRIMEIRA AVALIACIÓN:** Tarefas de traballo son o 100% da nota.

**SEGUNDA AVALIACIÓN:** Tarefas de traballo son o 100% da nota.

**TERCEIRA AVALIACIÓN:** Tarefas de traballo son o 100% da nota.

O alumnado que suspenda calquera das avaliacións parciais terá traballo de recuperación desa avaliación. No caso da recuperación terceira avaliación, ou calquera das outras se non se recuperaron no seu momento, será antes de finaliza-lo curso, no mes de xuño. Deste xeito, a avaliación do terceiro trimestre farase a principio de xuño, do 5 ó 9 de xuño.

O alumnado que tivese a materia aprobada, nese tempo terá traballo de contidos transversais, misioneiros ou valores, sobre os contidos de ese curso; podendo mellorar nota co traballo-resume de cada contido misioneiro ou de valores.

A nota que se obterá na Avaliación Final, coincidente en sesión avaliadora coa terceira avaliación, será a media das tres avaliacións parciais.

### 10.3.- Ensinanza semipresencial.

A forma semipresencial, refírese a combinación da forma presencial na aula do Centro e a forma on line na Aula Virtual do Centro.

Na avaliación terase en conta a peculiaridade de cada unha de elas, sobor de todo na metodoloxía da cualificación. Máis, impartiranse os mesmos contidos e avaliarase cos menos aprendizaxes e teranse en conta os mesmos criterios de avaliación que na forma de ensinanza presencial ou non presencial, según se realice o tema en cuestión.

#### 10.3.1.- A avaliación inicial.

Durante a primeira quincena de outubro, procederase a observación dos coñecementos previos e as capacidades e habilidades, tanto do grupo como de cada alumno. Realizarase en base a un cuestionario e o traballo dun texto, para ver a súa comprensión e redacción, e a fluidez na expresión escrita.

O cuestionario, en función da situación poderase realizar por escrito de forma presencial ou on line, na Aula Virtual.

O cuestionario proposto para os rapaces procedentes de primaria ou procedentes doutros centros, rapaces que en principio non coñezo:

11. Di o nome das cinco grandes relixións da actualidade no mundo.
12. Pon una característica da vida de Xesús de Nazaret que máis che chamou a atención.
13. Un compañeiro achégase a ti con un papel que pon: Mt, 1, 1-5. Que é?, explicalle o significado e busca o texto.
14. Escribe os sete sacramentos. De eles os que ti coñezas por que asistiches na igrexa a algún. Que signo sacramental ou ceremonial coñeces deles, e para que son.
15. Escribe os dez mandamentos, explicaos. E o mandamento de Cristo?

Como resultado desta avaliación, se é necesario procederase a unha adaptación o nivel da aula, para partir da realidade e construír sobre ela. Do mesmo xeito, se fose preciso realizarase o apoio ou adaptación de forma individual, se houberse algún alumno/a que o precisase. Neste caso con seguimento e tipo de traballo, dende o seu nivel, pero integrado na aula, todo en colaboración co Departamento de Orientación. De tódolos xeitos, a concreción das medidas están por determinar, fruto dunha avaliación inicial, e explicitaranse no libro do departamento.

#### 10.3.2.- Procedementos de avaliación.

- 1.- Realización das prácticas propostas.
- 2.- Interés por investigar e recopilar información.
- 3.- Interés por obter resultados orixinais e coherentes.
- 4.- Correcta utilización do vocabulario.
- 5.- Participación nos debates.
- 6.- Presentación dos traballos.

### 10.3.3.- Instrumentos de avaliación: libreta, fichas de traballo e tarefas de traballo na Aula Virtual.

Obten, selecciona e ordea a información.

Memoriza comprensivamente.

Razoa e argumenta.

Exprésase oralmente con propiedade.

Exprésase por escrito con propiedade.

Realiza os traballos con claridade.

Revisa e rectifica as tarefas.

A avaliación da materia, nos distintos cursos, non precisa a realización dun exame, basta a recopilación e valoración do traballo feito a longo do curso; sen embargo, pode ser solicitado polo alumnado.

### 10.3.4.- Criterios de cualificación.

**PRIMEIRA AVALIACIÓN:** Fichas de traballo e/o tarefas de traballo son o 100% da nota.

**SEGUNDA AVALIACIÓN:** Fichas de traballo e/o tarefas de traballo son o 100% da nota.

**TERCEIRA AVALIACIÓN:** Fichas de traballo e/o tarefas de traballo son o 100% da nota.

**Parte presencial:** Fichas de traballo de cada unidade didáctica (exames-controis do coñecemento e comprensión dos contidos). Inclúese a elaboración de mapas bíblicos ou históricos e a realización de traballos de textos (resumes, esquematizacións ou comentarios), e traballos de investigación.

**Parte non presencial (Aula Virtual):** Tarefas de traballo de cada unidade didáctica (exames-controis do coñecemento e comprensión dos contidos). Inclúese a realización de traballos de textos (resumes ou comentarios), e traballos de investigación.

O alumnado que suspenda calquera das avaliacións parciais terá traballo de recuperación desa avaliación. No caso da recuperación terceira avaliación, ou calquera das outras se non se recuperaron no seu momento, será antes de finalizar o curso, no mes de xuño. Deste xeito, a avaliación do terceiro trimestre farase a principio de xuño, do 5 ó 9 de xuño.

O alumnado que tivese a materia aprobada, nese tempo terá traballo de contidos transversais, misioneiros ou valores, sobre os contidos de ese curso; podendo mellorar nota co traballo-resume de cada contido misioneiro ou de valores.

A nota que se obterá na Avaliación Final, coincidente en sesión avaliadora coa terceira avaliación, será a media das tres avaliacións parciais.

## 11.- Atención e avaliación de alumnos coa relixión pendente.

Neste curso cos alumnos/as coa materia de relixión católica pendente, o departamento fará con eles un plan de recuperación dos contidos pendentes, realizárase por medio de actividades de recuperación que recollerán o esencial dos contidos e obxetivos, avaliando as competencias clave e estándares de aprendizaxe do curso pendente.

As actividades de reforzo e recuperación dos contidos pendentes considéranse unha unidade de actuación, dando un papel importante o traballo do alumno, dirixido e acompañado polo profesor. Neste sentido é suliñable o feito de que o alumno debe elaborar unha serie de traballos que o acerquen de forma personalizada os contidos a recuperar. Isto considérase suficiente para avalialo alumno, nembargantes pode solicitar un exame da materia.

Estas actividades, baixo a supervisión do profesor xefe de departamento de Relixión Católica. Neste presente curso 2022- 2023, pode darse o caso que a súa realización por parte do alumno, teña tres situacións o longo do curso a ter en conta:

1.- ENSINANZA PRESENCIAL. Situación que se da cando o alumno/a a site a clase e o Centro Escolar esta operativo académicamente. O alumno/a realizará o seu traballo correspondente a cada avaliación e entregao físicamente nun documento escrito o profesor.

2.- ENSINANZA NON PRESENCIAL. Situación que se da cando o alumno/a non pode estar físicamente na súa aula do Centro Escolar, e o traballo escolar realizase por medio da Aula Virtual. Neste caso o alumno/a realizará a súa tarefa on line, na Aula Virtual. Nela haberá habilitada un curso, para cada grupo de pendentes, co nome: Materia Pendente.

3.- ENSINANZA SEMIPRESENCIAL. Situación que se da pola combinación no tempo escolar de ámbalas dúas situacións anteriores. Neste caso realizará o alumno/a o seu traballo conforme a cada situación concreta, presencial ou no presencial.

## 11.1.- Os contidos pendentes de 1º da E.S.O

### PRIMEIRA AVALIACIÓN

1.- Esquematizar cronolóxicamente os feitos máis importantes da historia de Israel.

### SEGUNDA AVALIACIÓN

1.- Esquematiza-los eixos fundamentais da sociedade de Israel en tempos de Xesús.

### TERCEIRA AVALIACIÓN

1.- Esquematiza-los momentos máis importantes da vida de Xesús e os eixos vertebradores da súa mensaxe. Defini-la súa presenza na Igrexa.

## 11.2.- Os contidos pendentes de 2º da E.S.O.

### PRIMEIRA AVALIACIÓN

1.- Esquematiza-la definición da dignidade do ser humano: texto bíblico.

## SEGUNDA AVALIACIÓN

1.- A Biblia. Esquematizar: Revelación de Deus, Canón e relación de Textos Bíblicos, formación do AT e NT.

## TERCERA AVALIACIÓN

1.- A orixe da Igrexa. As notas da Igrexa. Unha comunidade organizada.

## 11.3.- Os contidos pendentes da 3º da E.S.O

### PRIMEIRA AVALIACIÓN

1. Esquematizar a realidade de finitud e a realidade de pecado no ser humano e na Creación. Esquematizar o sentido de Pecado Orixinal a partir dos textos bíblicos.

### SEGUNDA AVALIACIÓN

1. Valores. Clasificación e escala de valores. A lei, a conciencia. Os Dez mandamentos. Cristo, e o mandamento novo.

### TERCEIRA AVALIACIÓN

1. Esquematizar a celebración da fe: a liturxia, o culto e os sacramentos como lugar de encontro con Cristo na Igrexa.

## 11.4.- Avaliación e cualificación da materia pendente.

A avaliación e cualificación desta materia pendente, depende da valoración dos traballos realizados en cada avaliación e conforme os criterios de avaliación e cualificación propios do curso pendente, e con referencia as competencias clave e estándares de aprendizaxe.

A valoración da cada traballo será de 10 puntos máxime, e a nota final é a media entre todos eles.

Sen embargo, o alumno pode solicitar facer un exame final, no que entraría toda a materia que se tería que haber traballado nas actividades de recuperación.

## 12.- Atención á diversidade.



Antes de proceder a atención a diversidade na aula, hase de realizar unha primeira avaliación, atendendo o historial académico do alumno. So dende aquí poderase construír aprendizaxes de xeito individualizado, motivando o alumno no seu traballo sin que se sinta marxinado.

Debemos ser flexibles na aplicación do tratamento da diversidade, según as necesidades do proceso ensinanza-aprendizaxe. Ademáis hai que aplicarlos con prudencia por parte do profesorado, sin que a lumno se sinta discriminado ou catalogado polo grupo como alguen especial. Por tanto hai que ter en conta as situacións persoais do alumno, axudando e motivando positivamente os menos dotados e potenciando os máis capacitados.

Unha estratexia a seguir é servirse dos máis capacitados para axudar os menos, polos como parella de traballo ou como compañeiro de aula. Axudase académicamente e constrúese solidariedade. É tamén importante o traballo en grupo, seguindo o programa de traballo cooperativo.

Outra extratexia é atención máis personalizada por parte do profesor, explicandolle máis detidamente as cousas a realizar na aula, e estar máis pendente do seu traballo.

Unha terceira forma son as fichas de reforzo, para axudar a alcanzar un grado mínimo na consolidación dos obxetivos. Tamen as fichas de profundización, a través das que se pretende dar unha visión máis ampla e profunda dos contidos.

Outro caso aparte son as ACI (adaptacións curriculares individualizadas) que xa están de cursos pasados e as novas a facer. Sendo un tema de estudio e valoración a realizar polo Departamento de Orientación, xunto cos titores e profesorado non se inclúen nesta programación. Se se precisa e o considera o departamento de Orientación realizaránse o longo do curso. Neste aspecto cabe destacar o material seguinte: “Materiales para la clase de religión” (3 vol), Miguel Ángel Torres, edita CCS; y, “colección ABBA”, Rosa Mac-Mahón, edita CCS.

### 13.- Contribución o Plan de Convivencia.

Unha das aportacións da educación ha de ser atender o desenvolvemento integral dos alumnos, tanto no seu aspecto persoal como social. Un centro educativo é, en si mesmo, o seu primeiro ámbito de socialización, despois da familia; máis importante que o espacio social no que viven, aldeas ou lugares con pouca xente da súa idade. Háse de favorecer a adquisición de pautas e hábitos que reflexen uns valores dentro deo centro educativo.

As actitudes e os valores a adquirir son importantes no proceso educativo de alumno, para facelo un cidadán libre e responsable. Adquirir un civismo que o inserte responsablemente na sociedade, e para eso fan falla unhas normas nas aulas, e no instituto.

- Asistencia puntual e diaria as clases.
- Asistencia cos materiais necesarios para as clases.
- Respeto e colaboración cos compañeiros, o profesor e todo o personal do Centro.
- Solidariedade e axuda entre os alumnos.
- Rexeitamento de todo tipo de violencia.
- escoita e diálogo como vía de solucionar conflitos.
- Coidado e respecto polo Centro na súa realidade material.
- Respeto as normas do Centro com espacio legal de convivencia.
- Coidado e respecto co material propio e alleo.

A ensinanza relixiosa incide nuns valores e actitudes de carácter humano, pero de raíz relixiosa, asentada na vida e mensaxe de Xesús, tal como aparece no Evanxeo:

- Actitude receptiva fronte o feito relixioso en xeral e o cristiano de forma especial.
- Respeto e comprensión, diálogo e apertura o pluralismo ante outras creenzas relixiosas ou non relixiosas.
- Valoración do influxo da cultura bíblica na civilización occidental.
- Valorar a revelación de Deus, na historia de Israel e na persoa de Cristo.
- Actitude de estima cara os textos bíblicos, e a súa lectura.
- Actitude de respecto hacia as expresións litúrxicas e sacramentais
- Valoración dos obxectos e imaxes relixiosas na súa dimensión relixiosa e cultural.
- Actitude de estima cara os valores que dimanan da fe cristiãna.
- Comprender a historia da Igrexa como historia de gracia e pecado, froito das debilidades ou grandezas humanas.
- Valoración do Cristianismo dentro da civilización humana, e occidental en particular.
- Valoración do traballo como realización persoal e de cooperación cos demais en orde o ben común.
- Toma de conciencia da distinción entre liberdade e libertinaxe.
- Valoración da conciencia moral para a adquisición de conviccións e compromisos persoais.
- Ser sensible ante as situacións que degradan a ser humano.
- Tolerancia e respecto ante aqueles criterios éticos que contribuen a humanización da persoa e sociedade, aínda que sexan distintos.
- Discernimento do momento da crise de valores e da súa incidencia na sociedade.
- Valor da gratuidade e solidariedade na actual da sociedade de consumo.
- Respeto e estimación pola propia vida e a vida dos demais.
- Actitude de diálogo e colaboración na millora do mundo e a sociedade.
- Actitude de búsqueda para fundamentar e reformar as conviccións persoais.

#### 14.- Temas transversais: Educación en valores.

Unha das aportacións da educación ha de ser atender o desenvolvemento integral dos alumnos/as, tanto no seu aspecto persoal e social. Isto implica que hanse de incorporar elementos educativos básicos contidos nas ensinanzas transversais. Un centro educativo é, en si mesmo, o seu primeiro ámbito de socialización, despois da familia; máis importante que o espacio social no que viven, aldeas ou lugares con pouca xente da súa idade. Háse de favorecer a adquisición de pautas e hábitos que reflexen uns valores de convivencia, una educación transversal a propiamente académica. As actitudes e valores a adquirir son importantes no proceso educativo do alumno, para facelo un cidadano libre e responsable. Adquirir un civismo que o inserte responsablemente na sociedade, e para eso fai falla una programación educativa.

Os elementos transversais son os descritos no artigo 4 do Decreto 86/2015. O centro educativo, por decisión en claustro, decidirá en cada nivel que elemento transversal vai ser traballado de forma coordinada.

Educación moral e cívica:

- Descubrir os valores que xurden do evanxelio e comprometen o cristiano a colaborar o ben da sociedade.

- Recoñecer os valores éticos e morais que existen nas diversas relixións e descubrir o xeito de colaborar xuntos na edificación da sociedade.
- Reflexionar e analiza-las causas que provocan situacións de marxinação e inxusticia social e achegar a sensibilizarse ante as necesidades e os problemas dos demais.
- Valorar a labor da Igrexa e outras institucións que colaboran o ben dos demais.
- Colaborar o ben da sociedade e adquirir actitudes solidarias e comprometidas.

### Educación para a paz:

- Aceptarse como persoa coas súas cualidades e defectos e adquirir actitudes de aceptación, respecto, tolerancia cara os demais.
- Coñecer o contido da Declaración dos Dereitos Humanos e analiza-las exixencias que deles emanan.
- Descubrir feitos nos que se respetan os dereitos humanos e feitos nos que se violan.
- Buscar solucións para cegar a aceptar e valorar os demais e cegar a superar os conflitos que xurden nas relacións cotiás.
- Coñece-la doutrina social da Igrexa ante os problemas que amenazan a paz mundial.
- Recoñecer e valorar as iniciativas da Igrexa na construción da paz e identifica-los modelos de persoas constructoras de paz e achegar a valoralas.

### Educación para a saúde:

- Apreciar, valorar e defende-la vida humana e tomar actitudes de responsabilidade ante a propia vida e da dos demais.
- Descubrir todo aquilo que vai contra a vida humana e adquirir un criterio responsable ante a vida.
- Coñecer e valora-la Igrexa e outra entidades que se dedican a defende-la vida e a saúde.
- Adquirir pautas de hixiene e prevención, para unha vida sana.

### Educación ambiental:

- Descubrir, apreciar e valora-los bens da natureza e do medio ambiente e colaborar na súa conservación.
- Rechazar comportamentos sociais que permiten o deterioro da natureza e do medio ambiente.
- Descubrir e aprecia-lo arte e toda a riqueza cultural, empezando polo propio entorno.
- Descubrir e valorar-las tradicións, costumes, lendas, a historia propia e allea.

### Educación sexual:

- Descubri-lo que encerra a sexualidade humana e valorala dende ambito do amor.
- Descubrir e analizar críticamente a influencia que os medios de comunicación exercen sobre o corpo e a sexualidade humana.
- Valorar críticamente a formación recibida respecto a sexualidade e descubri-la importancia dunha boa educación.
- Descubri-lo matrimonio e a relación home-muller como complementariedade e riqueza dende o amor.

## Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos:

- Interesarse por coñecer, respetar e apreciar os compañeiros e compañeiras independentemente do seu sexo e a súa aperiencia.
- Aprender a colaborar con tódalas persoas sexan dun ou doutro sexo.
- Analizar o grado de aceptación ou rexeitamento que existe cara as persoas de distinto sexo e buscar solucións ó respecto.

## Educación do consumidor:

- Aprender a cuidar e a colaborar cos bens da Creación para poñerlos o servicio de tódalas persoas e seres creados.
- Valora-los productos de consumo con obxetividade e saber adquiri-los e consumi-los de forma racional e equilibrada.
- Descubrir e analiza-la influencia que os medios de comunicación teñen sobre as persoas en relación a sociedade de consumo e tomar postura crítica o respecto.
- Analizar feitos que hacen referencia a sociedade de consumo dende unha visión cristiana. Cuidar e favorecer todod o que axude a unha repartición equitativa dos bens da terra.

## Educación vial:

- Tomar conciencia de que somos responsables da vida propia e dos demais, e de importancia de cumprir as normas de circulación.
- Analiza-los problemas que se dan na estrada, e as súas causas, e buscar unha resposta cristiana de respecto e valor pola vida.

## 15.- Metodoloxía didáctica. Materiais e recursos didácticos. TIC e Plan Lector.

### 15.1.- Metodoloxía na E. S. O.

A metodoloxía é un factor decisivo na realización da aprendizaxe escolar. A metodoloxía non debe limitar o alumno a un simple activismo, senón que esixe unha actividade que o leve a elaborar os seus esquemas de coñecemento, e a construír o seu propio aprendizaxe. Neste proceso, o profesor actúa como guía e mediador para facilitar o proceso de aprendizaxe. O profesor ten que proporcionar oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, para que o alumno comprobe o interese e a utilidade do aprendido. E igualmente importante estimula-la reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións respecto do que se aprendeu, de modo que o alumno poida analizar o seu avance respecto dos seus coñecementos previos.

1.- EXPOSICIÓN. Búscase un aprendizaxe significativo por recepción do alumno. Exposición non só por parte do profesor, tamén do alumno como expresión do traballo persoal ou grupal.

2.- **INDAGACIÓN.** A obtención e análise da información: observación directa, utilización dos documentos (escritos, sonoros ou visuais), traballo de campo. A contextualización dos datos básicos: localización temporal e xeográfica, identificación dos feitos, signos e ritos, e o análise e interpretación actualizada dos mesmos.

3.- **MOTIVACIÓN.** Unha motivación captadora de contidos e valores. O exercicio do diálogo aberto sobre temas, confrontando as propias ideas e comprobando o grado de comprensión. Situacións e problemas que interesen, de actualidade, de índole relixioso, social, cultural ou moral.

4.- Sinalar o **METODO J.O.C.:** ver, xuzgar e actuar. Partir da experiencia, confrontala coa mensaxe cristiana e formular posibles compromisos de acción.

O alumno/a si terá unha libreta ou portafolio, no que recollerá os apuntes da clase. Tamén están os traballos individuais ou grupais (traballo cooperativo) que realicen o longo do curso. Con carácter individual realizaranse fichas (exame-control) en cada unidade didáctica, para avaliar especificamente os conceptos, de xeito que non faga falla o examen como elemento avaliador e está fágase menos traumática para o alumno e máis continua, como é deseable didacticamente. Así mesmo, realizaranse mapas co fin de situar e identificar xeográficamente e historicamente os lugares propios da Biblia ou da historia da Igrexa. Tamén, lectura de textos, co seu resume, esquematización ou comentario.

As actividades extraescolares, si o longo do curso se considera a súa posibilidade, van acompañadas dunha ficha na que traballan os aspectos da visita.

## 15.2.- Materiais e recursos didácticos.

1. Libreta persoal do alumno, onde recolle os apuntes de clase.
2. Fichas de traballo.
3. A Biblia. Textos a buscar e a traballar.
4. Mapas bíblicos e relixiosos.
5. Documentos da Igrexa Católica: Textos a traballar.
6. Revistas, boletíns e diarios de información relixiosa católica: Artigos a traballar.
7. Aula Virtual. Recursos e Actividades.
8. Material visual e sonoro: Colección Vida Misioneira (Misioneiros Combonianos) e Colección Valores de Cine (editorial San Pablo).
9. Material e recursos diversos que ofrece a Biblioteca do IES. Área de Relixión.

## 15.3.- Ensinanza presencial, non presencial e semipresencial.

No escenario dunha ensinanza presencial, ésta realizarase no Centro, na súa respectiva aula. Nela impartirase a materia, e utilizaranse distintos materiais:

1. **LIBRETA:** O alumno/a deberá ter unha libreta onde recollerá as os contidos e explicacións de cada tema, será como o seu libro.
2. **FICHAS de TEMA:** O alumno/a realizará por cada un dos temas unha ficha de contidos. Que reflectira o coñecemento adquirido, do tema que recolleu na libreta.
3. **FICHAS de TRABALLO:** o alumno/a realizará en cada tema unas fichas (comentario e

comprensión de textos, mapas bíblicos ou eclesiásticos, resume de textos, búsqueda de conceptos...), nas que se realizan actividades de traballo e aprendizaxe sobre dito tema.

4. FICHAS “VISUAIS”: O alumno/a despois de visonar na clase un documental misionero ou de valores, según o caso do curso e tema, terá que realizar un resume da información recibida e unha valoración.

Como xa se explicou nos criterios de cualificación, as fichas o 100%.

No escenario dunha ensinanza non presencial, ésta realizarase na Aula Virtual, nela impartirase a materia e realizaranse os seguintes materiais:

1. FICHEIRO DE CONTIDOS: en cada tema o alumno/a terá acceso en cada tema a un ficheiro ou ficheiros no que se explicaran os contidos.
2. URL: ENLACES WEB. En cada tema o alumno/a terá acceso en cada tema a uns enlaces web nos que atopará información e contidos adicionais.
3. TAREFA: o alumno/a realizará as tarefas encomendadas por cada un dos temas, a partir da información e contidos recibidos nos ficheiros ou enlaces web.

Como xa se explicou nos criterios de cualificación, as tarefas suponen o 100% da nota..

O escenario de unha ensinanza semipresencial, refírese a combinación da forma presencial na aula do Centro e a forma on line na Aula Virtual do Centro.

Como xa se explicou nos criterios de cualificación terase en conta a peculiaridade de cada unha de elas. Impartiranse os mesmos contidos e avaliarase cos mesmos aprendizaxes e teranse en conta os mesmos criterios de avaliación que na forma de ensinanza presencial ou non presencial, según se realice o tema en cuestión. As fichas e/o tarefas suporán o 100% da nota.

#### 15.4.- A contribución o Plan TIC: Favorecer a utilización das T.I.C. por parte do alumnado.

Os alumnos/as utilizarannas para o seu traballo, tanto de redacción de textos como de investigación, segundo os traballos que le sexan encomendados. O profesor tamén aportará documentación e información de páxinas web para que o alumnado poida acceder a os contidos da materia no ámbito das TIC. Un dos traballos da aula en cada trimestre é buscar información dende o ordenador persoal ou do centro sobre os contidos da unidade didáctica. Desde xeito pódese ter en conta:

1. Visitas a sitios web oficiais da Igrexa (Santa Sé, Conferencia Episcopal, Arquidiocese de Santiago de Compostela e diócese de Tui-Vigo).
2. Visitas a webs de institucións católicas (Cáritas, HOAC, Congragaciones relixiosas y/o misioneras...) ou revistas relixiosas, de ámbito católico.
3. Búsqueda na rede da nosa cultura e patrimonio artístico de carácter relixioso.

#### 15.5.- A contribución o Proxecto Lector: O Fomento da lectura entre alumnado.

Deste xeito, o departamento incorpórase a actividade dinamizadora do fomento da lectura, dentro do Plan Lector, nos cursos que se lle propoñan. De non coincidir o horario establecido polo Plan

Lector con alguna clase ou grupo desta materia, dedicarase tempo na lectura e traballo de textos para que os alumnos acaden gusto pola lectura. A lectura é a forma máis axeitada para a comprensión e o coñecemento da lingua galega e castelá, e favorece a súa expresión oral e escrita, base esencial para toda aprendizaxe e comprensión dos contidos. Ademáis, hai lectura propia da materia, textos de carácter relixioso (Biblia, documentos maxisteriais ou de teólogos...), procurando a súa comprensión lectora e traballo intelectual.

Como acción destacadas teremos en conta:

1. Lectura en voz alta de xeito rotatorio e participativo dos alumnos dunha parte da unidade didáctica que corresponda explicar.
2. Exercicios e prácticas de comprensión lectora de textos da Biblia e dos seus xéneros literarios, biógrafías de persoaxes fundamentais do cristianismo, textos de Encíclicas e maxisteriais, artigos de revistas de actualidade relixiosa, de ámbito católico.
3. Exposicións escritas e orais de textos traballados ou investigación realizadas.

## 16.- Actividades.

As actividades na aula, co fin de conquistar o coñecemento e as capacidades a avaliar, forman parte da metodoloxía do proceso educativo, pero pola súa especificidade detállanse a continuación:

1. Realización de esquemas conceptuais dos contidos.
2. Realización de fichas sobre os contidos.
3. Realización de mapas.
4. Realización de “pasatempos” nos que se buscan e traballan os contidos.
5. Traballo de textos: lectura, comprensión e traballo do contido. Resume, esquematización ou comentario
6. Búsqueda e traballo da información. Internet e/ou traballo de campo.

Estas actividades son propias de cada un dos cursos. Máis en 1º da ESO, hai fichas e mapas para colorear.

### 16.1.- A presentación dos traballos.

A presentación dos traballos, por acordo da CCP, deben ter as seguintes consideracións.

#### 1.- Respecto da forma.

1. Deben cumprir o parzo de entrega marcado polo profesor ou profesora,
2. Deben presentar un traballo pulcro: limpeza, caligrafía, color da tinta, marxes, encabezamento, grampas, etc.
3. Debemos velar polo coidado da ortografía: separación silábica, acentuación, abreviaturas, signos de puntuación, notación científico-técnica...
4. Deben estruturar o texto en parágrafos, deixando unha separación entre eles.
5. Deben diferenciar enunciados e preguntas.
6. Deben engadir un índice.

#### 2.- Respecto do contido.

1. Nunca deben “cortar e pegar”. O traballo debe reflexar unha elaboración, comprensión e expresión coas súas propias palabras.
2. Precisión e calidade na exposición de ideas, empregando un rexisto lingüístico acorde co seu nivel de curso.
3. Evitar incoherencias sintácticas. Distinguir definición e explicación.
4. Esforzarse en empregar unha terminoloxía específica.
5. Deben citar correctamente a bibliografía e fontes consultadas.

## 17. Contribución o Proxecto Lingüístico.

A lingua vehicular da materia é a lingua galega, neste idioma está o material de contidos e actividades, é as explicacións por parte do profesor. Isto non exclúe a utilización da lingua castelá, en atención os a alumnos que se expresen nesta lingua; así como o seu traballo escrito, se así o desexan. Colaborando coa mellora da expresión oral ou escrita, en ambas linguas:

- Ensinar a leer correctamente os textos e materiais.
- Ensinar a comprender o que se lee nos textos e materiais.
- Ensinar a escribir correctamente: ortografía, léxico, sintaxe...
- Ensinar a escribir con boa caligrafía, e con limpeza e calidade (recta escritura, espazos...)
- Axudar a adquirir vocabulario.

Este traballo realizarase coas actividades que se realizan na materia.

## 18.- Actividades extraescolares e complementarias.

O departamento participa nas actividades complementarias e extraescolares que se precisen no Instituto, en coordinación cos demais departamentos, e en coordinación coa Comisión de Coordinación Pedagóxica e vicedirección. Ademais, si o longo do curso se considerase a posibilidade, terá as súas actividades extraescolares e complementarias propias da súa área didáctica, como espazo de campo de traballo de contidos complementarios a labor académica.

### 18.1.- As actividades complementarias.

Dentro das horas lectivas da área de Relixión Católica, desenrolaránse as seguintes actividades complementarias, que se consideran esenciais para celebrar e traballar dimensións do ser humano como cristiano e cidadano.

1. Outubro: o DOMUND. A dimensión misional universal da Igrexa.
2. Novembro: a IGREXA DIOCESANA. A eclesialidade da fe cristiá.
3. Decembro: as postais de Nadal, para ós alumnos do primeiro ciclo da ESO, e traballar o sentido do Nacemento de Xesús con tódolos cursos. A Declaración dos Dereitos Humanos.
4. Xaneiro: traballar, cos alumnos do primeiro ciclo da ESO, a SANTA INFANCIA MISIONERA.



5. Febreiro: traballar, cos alumnos do segundo ciclo da ESO, a Campaña contra a Fame de MANOS UNIDAS.
6. Marzo: traballar cos alumnos de bachelato as conmemoracións do Día da Muller (7 de marzo) e de san Xosé (19 de marzo).
7. Abril: traballar o Triduo Pascual e a Pascua.
8. Mayo: traballar a figura da Nosa Señora Santa María.
9. Xuño: traballar o sentido da caridade. A Cáritas parroquial: Alumnos/as de 4º da ESO.

## 18.2.- As actividades extraescolares.

Neste curso 2022–2023, por motivos de seguridade sanitaria e de saúde, non se ten pensado facer actividades extraescolares e saídas didácticas,

## 19.- A avaliación da programación didáctica. O ensino e práctica docente.

O profesor analiza o nivel que se conqueiru, en base os seguintes aspectos:

1. Alcanzáronse os obxetivos.
2. Déronse todo-los contidos.
3. A temporalización deses contidos foi a adecuada.
4. As actividades e a metodoloxía foi a axeitada.
5. Os materiais e recursos didácticos son os axeitados.
6. A avaliación e a cualificación foi a axeitada.
7. Precísouse algunha adaptación da programación a realidade académica do alumnado.
8. Contribúe realmente a adquirir as competencias básicas polo alumnado.
9. A diversidade do alumnado foi atendida de forma eficaz e suficiente.
10. Está suficientemente, dende a materia e o seu horario, atendidos os ámbitos TIC, Proxecto Lector, Plan de Convivencia e Educación en Valores.
11. As actividades complementarias e extraescolares realizadas, foron as adecuadas e que resultado tiveron, como respondeu o alumnado.

A avaliación realizase a nivel departamento e recóllese no seu libro de actas, si fose o caso. Na Memoria Académica do curso recolléranse os resultados da avaliación, e as propostas para o vindeiro curso académico.

Tamén recollérase a opinión do alumnado, nunha ficha, que axudará a perfilar mellor a programación académica a realidade.

1. A claridade dos obxetivos e contidos. A súa distribución temporal.
2. A claridade das actividades, materiais e recursos didácticos
3. A claridade na avaliación e cualificación.
4. A adquisición de competencias clave, o seu nivel e procedemento de adquisición.
5. O nivel de atención a diversidade do grupo e do alumno.
6. O nivel de eficacia nos ámbitos de TIC, Plan Lector, Plan de Convivencia e Educación en Valores.
7. Valoración das actividades complementarias e extraescolares.

Ponte Caldelas, a 9 de setembro do 2022

Fdo: Benito Vázquez Fernández